



**Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza**

Travesa dos Basquiños, 9, baixo

15.704 Santiago de Compostela

Tfno e fax: 981-570099

Correo-e: [adega@adega.info](mailto:adega@adega.info)

Páxina electrónica: [www.adega.info](http://www.adega.info)

**Á CONSELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Á CONSELLARÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

Fins Eirexas Santamaría, con DNI XXXXXXXXX-X, secretario executivo de ADEGA, (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), CIF G-15044811, con domicilio a efectos de notificación na Travesa dos Basquiños, 9, baixo, 15704 Santiago de Compostela, no seu nome e en representación desta entidade, presenta ao proxecto “Parque almacenamento de hidrocarburos e produtos químicos no concello de Vilagarcía de Arousa titularidade das mercantís FINSA e FORESA” as seguintes

**ALEGACIÓNS**

**1. ANTECEDENTES E FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**1.1** No procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental sobre o Parque de Almacenamento de Hidrocarburos e Produtos Químicos, ubicado no peirao de Ferrazo, no Porto de Interese Xeral de Vilagarcía de Arousa, Concello de Vilagarcía de Arousa, encetado a instancias das mercantís FINSA-FORESA, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, declarouse competente e decidiu iniciar o procedemento, trasladando, ao abeiro do RDL 1/2008, ao órgano sustantivo, Consellería de Economía e Industria os trámites de información pública.

**1.2** O Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía, por Resolución de 25 de novembro de 1996, outorgou dúas concesións administrativas ao grupo empresarial FINSA e FORESA, INDUSTRIAS QUÍMICAS DEL NOROESTE, S. A., para a construción e explotación de dous parques de almacenamento de líquidos para uso propio, no peirao de Ferrazo do Porto de Vilagarcía de Arousa, cunha duración de trinta anos. O outorgamento destas dúas concesións publicouse no BOE de data 14 de xaneiro de 1997, finalizando o prazo de concesión o 16 de maio de 2.027.

**1.3** Que o 28 de abril de 2006 a Sección 003 da Sala Contencioso-Administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia emitiu a Sentenza 00704/2006 en relación ao Procedemento Ordinario nº 0007048/2003, estimando o “*Recurso contencioso-administrativo interpuesto*”

*por Plataforma en Defensa da Ría de Arousa contra resoluciónes de 13-11 y 19-12-2002 que desestiman recursos contra obras sobre autorización de instalaciones de almacenamiento de productos químicos y petrolíferos dictado por Consellería de Industria y Comercio; y en consecuencia se acuerda anular las resoluciones recurridas por ser contrarias a derecho.”*

**1.4** Que a Sección Terceira da Sala Contencioso-Administrativa do Tribunal Supremo, en votación realizada o 24 de marzo de 2009 en relación ao Recurso de Casación nº 5119/2006, como consecuencia de desestimar integramente todos os motivos de casación esgrimidos por FINSA-FORESA contra a sentenza do TSXG, emitiu a seguinte sentenza:

**Primero.- Que debemos declarar y declaramos no haber lugar al recurso de casación interpuesto por la representación procesal de las entidades mercantiles FINANCIERA MADERERA, S.A. (FINSA) y FORESA, INDUSTRIAS QUÍMICAS DEL NOROESTE, S.A. contra la sentencia de la Sección Tercera de la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia de 28 de abril de 2006, dictada en el recurso contencioso-administrativo número 7048/2003.**

**1.5** Que ambas as dúas sentenzas do TSXG e TS, fan inviable a explotación da concesión administrativa por carecer –a construción do Parque de Almacenamento- das medidas previas de avaliación do impacto ambiental perceptivas por lei e, asemade pola súa ubicación e repercusións dun posible accidente grave, tanto na riqueza produtiva da Ría de Arousa -a máis rica de todas as rías galegas- e na súa biodiversidade, como na riqueza turística e, sobre todo, no perigo potencial que representa para a densa poboación circundante; segundo reconece a devandita sentenza do TSXG nos seus fundamentos xurídicos quinto, sexto, noveno e décimo.

**1.6** Que a devandita sentenza do TSXG nos seu fundamento xurídico quinto afirma que *“Dichos Depósitos no cumplen la normativa al respecto señalada en el RD 886/88 de 15 de julio sobre prevención de accidentes mayores sobre sustancias peligrosas y el RD 950/90 de 29 de junio que lo modifica sobre plan de emergencia exterior, cuyos RD han sido derogados por el RD de 16 de julio de 1999, lo cual no es obstáculo para su aplicación por cuanto la fecha de iniciación de la actividad y cuando se remitió la documentación fue en mayo de 1999 por las entidades demandadas a la Administración autonómica.”*

**1.7** Que a devandita sentenza do TSXG nos seu fundamento xurídico sexto afirma que *“Caso de una flagración daría lugar a un evidente riesgo para la vida, integridad y turístico, así como ecológico que se describen en la demanda y se vería afectada por el riesgo y contaminación o peligro de de no adoptarse una serie de medidas de seguridad al instalar con la debida autorización tanto por el Ayuntamiento como por la Administración al clasificarse como zona de gran riesgo y sensibilidad según estudios reflejados en el expediente por el Profesor de la Universidad de Vigo, D. Rafael Barrionuevo Jiménez.”*

**1.8** Que a devandita sentenza do TSXG nos seu fundamento xurídico noveno afirma que *“ No se trata de polemizar sobre si el Parque de Almacenamiento autorizado por la Administración (...) está o no ajustada a la Normativa y demás medidas de seguridad industrial y control por los órganos competentes (...) sino que el tema se centra en que su instalación si bien no se trata de una planta petrolera tiene su incidencia sobre un peligro potencial para la vida e integridad física de las personas o habitantes (152.000) de la zona y bienes (edificios, bateas, etc) así como en efectos sobre el marisquero y desarrollo turístico*

*por su ubicación en una zona eminentemente paisajística y privilegiada (...), cuando los efectos de una explosión o incendio afecta según se explica gráficamente a un círculo muy extenso, por un posible “efecto dominó” o contaminación de los Depósitos frente a unos medios preventivos escasos, Parque de Bomberos, distancias entre los Depósitos, Planos de Emergencia Interior y Exterior, no suficientes, o parcas en caso de accidentes graves.”*

**1.9** Que a devandita sentenza do TSXG nos seu fundamento xurídico décimo afirma que *“Si cabe hablar de un incumplimiento de la Directiva 85/337 art. 2.1 y 4.2 en cuanto tanto por su naturaleza, alta frecuencia de siniestralidad o letalidad, por sus dimensiones, 80000 metros cúbicos de productos petrolíferos como por su localización a menos de 1200 metros del casco urbano de Villagarcía y en pleno corazón de la Ría de Arousa, es obvio que incrementaría a favor por la evaluación de impacto ambiental dado el desarrollo y actividades de tipo industrial, turístico y marisqueo por lo que se ha incumplido dicha normativa comunitaria y su revisión o control por la Comunidad Autónoma para evitar un posible efecto dominó en caso de siniestralidad art. 8 RD 1254/99, al no poder aplicársele los coeficientes reductores de 0,89 y 0,5 % por el vallado e incumplimiento de la instrucción técnica MIC-IPF-001 dado que prácticamente los dos depósitos forman parte de una explotación conjunta.”*

**1.10** Que os principios de Precaución e de acción preventiva forman parte das bases da política seguida pola Unión Europea no ámbito medioambiental de conformidade co artigo 191 do Tratado de Funcionamiento da Unión Europea (TFUE), apartado 2.

*“A política da Unión no ámbito do medio ambiente terá como obxectivo acadar un nivel de protección elevado, tendo presente a diversidade de situacións existentes nas distintas rexións da Unión. Basearase nos principios de cautela e de acción preventiva,(...)”*

Ditos principios son a filosofía básica que anima o procedemento de avaliación do impacto ambiental. Procedemento que se subverte totalmente ao aplicar o R.D. 1/2008 de avaliación de proxectos a un proxecto totalmente executado e que leva funcionando máis de dez anos, facendo un exercicio surrealista no que a empresa INERCO abstráese intencionadamente desa realidade coa connivencia do autodenominado “órgano ambiental”, a Consellería de Medio Ambiente.

**1.11** Que como lembra o Tribunal de Xustiza da Comunidade Europea (TJCE) no apartado 23 da súa sentenza de 28 de febreiro de 2008 ( TJCE 2008, 37 ), Abraham e outros (C-2/07, Rec. p. I-1197), do propio tenor do artigo 1, apartado 2, da Directiva 85/337 (LCEur 1985, 577) desprendese que o termo “proxecto” fai referencia a obras ou a intervencións físicas.

De isto dedúcese que, se non hai obras nen intervencións que modifiquen a realidade física do emprazamento do Parque de Almacenamento Loxístico, a renovación dunha autorización -da Consellería de Industria no noso caso- non pode ser cualificada como «proxecto», no sentido do artigo 1, apartado 2, segundo guión, da Directiva 85/337 (LCEur 1985, 577).

A este respecto, cabe pór de manifesto que o termo “construción” empregado no punto 7, letra a), do anexo I da Directiva 85/337 (LCEur 1985, 577) non presenta ambigüidade algunha e debe ser entendido no seu sentido usual, é dicir, como referido á realización de obras antes inexistentes ou á modificación, no sentido físico, de obras xa existentes. (Sentenza TJCE\2011\65, asunto C-275/09, p-26).

**1.12** Que debe entenderse unha AIA de xeito que as autoridades competentes poidan ter a certeza de que un plan ou proxecto non producirá efectos prexudiciais para a integridade do lugar de que se trate, xa que, cando hai incertidume sobre a inexistencia de tales efectos, deberán denegar a autorización solicitada (Xurisprudencia do TJCE).

Tampouco constitúe unha doada avaliación, na que as autoridades nacionais poidan basarse para autorizar obras, aquelas que teñan un carácter sumario e fragmentario.

**1.13** Que os valores naturais protexidos no conxunto da Ría de Arousa e, sinaladamente a proximidade ao Parque Nacional das Illas Atlánticas e á Rede Natura 2000, implican que é de aplicación a Directiva 92/43/CEE de Conservación dos Hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

**1.14** Que na documentación do Estudo de Avaliación de Impacto Ambiental elaborado pola empresa INERCO non aparecen informes complementarios relevantes para poder avaliar o impacto das instalacións de referencia, como se recomenda no “Oficio da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de data 10 de decembro de 2009, rexistro de saída nº 22264”, dirixido á Consellería de Economía e Industria, Departamento Territorial de Pontevedra.

**1.15** Que mantemos o noso desacordo pola irregularidade do procedemento, a súa extemporaneidade, a necesidade de que se execute a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) previamente a calquera posible inicio dun procedemento que afecta directamente a dito proceso.

**1.16** Que o órgano sustantivo está actuando de costas á Sala do TSXG encargada da execución da sentenza, iniciando e resolvendo unha AIA sen coñecemento da sala do TSXG, que debe ser a que acorde a procedencia ou non deste procedemento, dando audiencia ás partes.

**1.17** Que o procedemento administrativo debería retrotraerse ao inicio, cando era necesaria a Avaliación do Impacto Ambiental e que, portanto, todas as resolucións administrativas que se tomaron posteriormente carecen de legalidade e, por conseguinte, ao tratarse dun porto de interese xeral e ser necesaria a inicial resolución administrativa da Autoridade Portuaria, entendemos -en concordancia coa posición que no seu día mantivo a Xunta de Galicia-, que o órgano ambiental competente é o Ministerio de Medio Ambiente.

Por todo o anterior, dende ADEGA formulamos as seguintes

### **ALEGACIONES**

**1ª.** No Estudo de AIA elaborado pola empresa INERCO, na p 0-3 indícase textualmente: *“El Procedimiento Ambiental es previo a la concesión de las autorizaciones o licencias perceptivas en todo caso, de manera que la viabilidad ambiental de unas instalaciones y las condiciones en las que esta se entienda sean vinculantes para el resto de las autorizaciones pertinentes”*, o que ven a recoñecer o vencello entre a AIA e todas as autorizacións administrativas posteriores e a necesidade de retrotraer todo o procedemento administrativo até a súa situación primixenia.

**2ª.** No Estudo de AIA elaborado pola empresa INERCO, na p 0-4 só fai referencia á sentenza do TS, obviando interesadamente que dita sentenza obriga á execución da sentenza do TSXG, da que non aparece referencia, nen por suposto dos seus amplos Fundamentos Xurídicos que cuestionan todo o procedemento.

**3ª.** No Estudo de AIA elaborado pola empresa INERCO, na p 0-4, díse textualmente: *“En el momento actual, y a la luz de la sentencia recaída, se pretende subsanar el vicio*

*procedimental que ha ocasionado la anulación de las mencionadas resoluciones, procediendo para ello, a la tramitación de la Evaluación de Impacto Ambiental requerida, bajo el ámbito del RDL 1/2008 (...).”*

Entendemos que este non é un requisito “subsanábel” a posteriori, unha vez executada a obra e despois de máis de dez anos en funcionamento, toda vez que o procedemento ambiental é previo á posible concesión das autorizacións administrativas, como sinala o propio documento de INERCO. Polo que esta asociación non considera posible que poida ser legalizada a actividade desenvolvida no Parque de Almacenamento Loxístico, debendo ser rexeitada unha DIA positiva, namentras non se certifique o cumprimento da execución da sentenza do TSXG.

Compre lembrar exposto polo TS, Sala 3ª, Sección 6ª, na súa sentenza do 10 de xullo de 2007 (Rec. 5544/04). O alto tribunal deixa claro que en canto a actuación da Administración non se dirixa, en sí mesma, a executar nos seus propios termos o fallo, senón a unha regularización da situación declarada ilegal, estaría infrinxíndose o disposto na Lei 29/1998, de xurisdicción contencioso-administrativa, cando dita actuación contradí os termos do fallo xudicial:

*“Es por ello que tanto la providencia de 3 de Marzo de 2004 como el auto recurrido de 19 de Abril de 2004, al declarar no haber lugar a la ejecución solicitada por el recurrente, viene, en el mejor de los casos, a suspender la ejecución del fallo a resultas del expediente, incluida evaluación de impacto ambiental que se dice iniciada por la Administración y que incluso se ha resuelto posteriormente en sentido positivo, incurriendo en la prohibición contenida en el art. 105.1 de la Ley de la Jurisdicción e infringiendo lo dispuesto en el art. 87.1. c) de la misma, en cuanto contradice los términos del fallo que se trata de ejecutar, pues no se dirige a poner fin a la situación de ocupación que según la sentencia resulta ilegal sino a la regularización de la situación, de resultado incierto, permaneciendo mientras tanto sin ejecutarse el fallo...”*

En resumo, non semella posible nen admitir a trámite a solicitude das mercantís FINSA e FORESA, nen abrir o Procedimento de AIA, nen realizar unha DIA positiva, en tanto en canto non se decreta executada a Sentenza do TSXG nos seus propios termos.

**4ª.** No apartado 0.1 “CONSIDERACION DE LAS RESPUESTAS RECIBIDAS EN LA FASE DE CONSULTAS PREVIAS” a empresa INERCO realiza unha análise unilateral, non reflectindo realmente o alcance das alegacións presentadas polos colectivos ambientalistas, nomeadamente pola P.D.R.A. (Plataforma en defensa da Ría de Arousa) das que fai unha lectura sumaria e sesgada.

**5ª.** Que no E.I.A elaborado por INERCO non aparecen informes complementarios relevantes para poder avaliar o impacto das instalacións de referencia, como se recomenda no “Oficio da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de data 10 de decembro de 2009, rexistro de saída nº 22264”, dirixido á Consellería de Economía e Industria, Departamento Territorial de Pontevedra”. Porque non se trata dun proxecto senón dunhas instalacións que levan máis de dez anos funcionando e, por tanto, a Administración ten datos dabondo sobre o que acontece na realidade. O EIA realizado ten moitas afirmacións retóricas que pretenden ocultar unha realidade e que poderían ter algún sentido no caso de estarmos a falar dun proxecto, que non é o caso.

Por iso entendemos que deberían aportarse os informes recolidos mais abaixo e que namentras non se aporten consideramos que as autoridades competentes non poden ter a certeza de que o Parque de Almacenamento Loxístico non producirá efectos prexudiciais para a integridade da Ría de Arousa. Os informes e estudos que se caractericen por presentar lagoas e/ou por non comprender constatacións e conclusións completas, precisas e definitivas que poidan disipar calquera dúbida científica razoable sobre os efectos desa actividade para a

Ría de Arousa e a poboación circundante, non poden considerarse que constitúan unha doada avaliación do impacto ambiental e, en consecuencia, as autoridades competentes deberán denegar a autorización solicitada.

Os informes arriba mencionados son os seguintes :

- 1.- Relación nominal de buques que entraron no porto de Vilagarcía para subministrar hidrocarburos e produtos químicos ao parque de almacenamento devandito ubicado en Ferrazo, indicando a súa antigüidade en relación á data de construción e se son monocasco ou bicasco, desde a posta en funcionamento do devandito Parque.
- 2.- Relación de accidentes e incidentes acontecidos no ámbito de actuación da Capitanía Marítima de Vilagarcía desde a posta en funcionamento dos referidos depósitos, indicando coordenadas nas que se produciron, buques implicados, mercadorías, tipo de verquidos,..
- 3.- Relación de verquidos acontecidos no interior e inmediacións do porto de Vilagarcía, indicando a natureza do verquido, orixe, tempo que se tardou en eliminar o verquido, etc.
- 4.- Relación de accidentes de tráfico acontecidos na Comunidade Autónoma de Galicia, nos que se viu afectado un camión portando mercadorías perigosas, indicando punto quilométrico, estrada e proximidade a vivendas e núcleos de poboación.
- 5.- Trazado actual de oleodutos na Comunidade Autónoma de Galicia e puntos de acceso a dito servizo.
- 6.- Estudo comparativo da riqueza ecolóxica e produtiva das diferentes rías galegas.
- 7.- Estudo comparativo do posible impacto ambiental do Parque de almacenamento en diferentes e posibles ubicacións: porto exterior de Ferrol, porto exterior da Coruña.
- 8.- Estudo dos efectos dunha explosión e/ou incendio nas instalacións, sobre a edificación de uso residencial máis próxima aos depósitos que dista menos de 150 metros e sobre o solo clasificado como núcleo rural que dista 170 metros do complexo petroquímico -como reconece o arquitecto municipal no seu informe-.
- 9.- Informe sobre o vertido acontecido nas labores de carga e descarga o 19 de Abril de 2004; vertido que saíu das instalacións do Parque de Almacenamento á rada portuaria e chegou a Carril.

**6ª.** Que no Anexo XIII, aparece un “*Análisis de riesgos en las instalaciones de Vilagarcía de Arousa*” elaborado pola empresa TEMA (Seguridad & Medio Ambiente) e datado en abril de 2011. Está elaborado en termos absolutamente xenéricos, sen describer o efecto e consecuencias dunha explosión ou incendio no entorno densamente poboado, no que están ubicadas as instalacións; non aparecen nas 12 páxinas nengún mapa ou descripción xeográfica do impacto dun accidente no entorno; semella como se non houbera poboación algunha arredor, cando a edificación de uso residencial máis próxima aos depósitos dista menos de 150 metros e o solo clasificado como núcleo rural dista 170 metros do complexo petroquímico, como reconece o arquitecto municipal no seu informe. Os datos meteorolóxicos utilizados non son do Porto de Vilagarcía de Arousa, nen se consideran os ventos dominantes, nen se aporta a rosa dos ventos do lugar que se analiza; as nove hipóteses citadas na páxina 5, non aparecen desenvolvidas en nengún lugar do informe e só aparecen citadas nominalmente. De todo isto podemos concluir que non se aporta unha análise de riscos do Parque de Almacenamento Loxístico.

Aos efectos probatorios, e por obrar en poder desa Administración, remitímonos aos Informes Periciais elaborados por D. Rafael Barrionuevo Giménez, que obran incorporados ao expediente xudicial citado nos antecedentes deste escrito, tanto no procedemento ordinario como na peza separada de medidas cautelares, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das AAPP e do procedemento administrativo común.

Respeito ao risco de accidentes, na devandita sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no fundamento xurídico sexto, cítanse os estudos realizados polo Profesor da Universidade de Vigo, D. Rafael Barrionuevo Jiménez e presentados pola PDRA, diante da ausencia, tanto na tramitación do proxecto como durante a súa execución, dos estudos e informes que a lexislación esixe para unhas instalacións de almacenamento de sustancias perigosas.

A Plataforma en Defensa da Ría de Arousa solicitou a Don Rafael Barrionuevo Jiménez, Profesor titular da Universidade de Vigo e Responsable da Área de Tecnoloxía do Medio Ambiente (Departamento de Enxeñería dos Recursos Naturais e Medio Ambiente) e Profesor da Titulación propia do Curso Superior en Seguridade, Prevención e Riscos, que transcribira tres exemplos semellantes aos que deberían figurar na análise cuantitativa de riscos que no seu día nunca se presentou acompañando ao proxecto. Exemplos que constan no Anexo III do citado informe, así como nos mapas que recollen as hipóteses 1, 2 e 3:

-Na hipótese 1 trátase do suposto de explosión de 900.000 Kg. de combustible, que comprende só o 1,125% dos 80.000 m<sup>3</sup> de capacidade de almacenamento con que conta o parque.

Esta explosión provocaría unha bola de lume de 388,85 m. que duraría 12,7 segundos. No plano desta hipótese 1 pódese observar como o umbral de danos a estruturas acadaría os 1.211 metros, polo que afectaría á Casa do Concello, ao I.E.S. Cotarelo Valedor sito en Sobradelo, ao Colexio de EXB da Lomba, aos Xulgados e, en xeral, a todo o centro urbano de Vilagarcía, tendo un índice de letalidade do 1% nos derradeiros 150 metros. En cambio, o índice de letalidade elevase ata o 50% en toda a zona centro de Vilagarcía de Arousa, en onde afectaría a Protección Civil, ao Instituto Social da Marina, aos Xulgados, ao Mercado municipal, ao Colexio das Filipenses, ao I.E.S. Fermín Bouza Brey de Fontecarmoa.

Ao marxe deste 1 a 50% do grao de letalidade, o resto da poboación sufriría gravísimas secuelas como queimaduras, intoxicacións, aparición de espullas, dor, etc. E por último, nunha franxa de 568 metros arredor dos depósitos, que comprendería –entre outros- todo o núcleo de Vilaxoán e o I.E.S. Cotarelo Valedor de Sobradelo; o índice de letalidade acadaría o 100% e se producirían danos patrimoniais moi cuantiosos.

-Na hipótese 2 trátase do suposto dunha explosión de combustible de 450 kg., é dicir a metade do exemplo anterior. Esta explosión xeraría unha bola de lume de 312 m. e se produciría en 11,28 seg., establecendo o umbral de danos a estruturas que supón a perda de resistencia do aceiro non protexido, fallos nos elementos de equipos lixeiros, deshidratación, descomposición e ignición da madeira, fusión de recubrimentos plásticos no cableado eléctrico, ata 927 metros, co que tamén afecta a todo o centro de Vilagarcía de Arousa, chegando ao nivel de letalidade ata os 1.211 metros nas porcentaxes que se establecen no plano, é dicir desde o 100% ata os 568 metros, que diminúen ata o 1% aos 1.211 metros. Por tanto e en calquera caso, provocaría unha catástrofe de considerables dimensións, que tamén afectaría por completo ao núcleo de Vilaxoán.

-E na hipótese 3 trátase do suposto dunha explosión de 150.000 kg. de combustible, que supón o 0,1875% do volume de almacenamento total do parque de Ferrazo, é dicir unha cantidade mínima -que non chega ao 0,2%- e que tería os efectos seguintes: umbral de danos a estruturas a unha distancia de 528 metros, e un grao de letalidade do 100% desde os 284 metros ata os 528, que baixaría a partires desa distancia ata o 0%. No devandito radio atópase o I.E.S. de Cotarelo-Valledor, así como parte da poboación de Vilaxoán e de Vilagarcía de Arousa.

Estes exemplos refírense exclusivamente á explosión de pequenas cantidades de combustible en relación coa capacidade do Parque de Almacenamento Loxístico. Mais no presente caso a situación agrávase desde o momento en que FINSA-FORESA aplicaron un coeficiente redutor das distancias esixidas entre tanques (ver argumento xurídico décimo da sentenza do TSXG), baseándose en que os depósitos construídos contan cunha capacidade de almacenamento inferior a 10.000 m<sup>3</sup> e superior a 7.500 m<sup>3</sup>. Sen embargo, na realidade as instalacións conxuntas son un parque de almacenamento de 80.000 m<sup>3</sup>, o que facilitaría unha explosión por efecto dominó -ou en cadea- de todo ou parte do parque, cuxa repercusión sería a desaparición total ou parcial de Vilagarcía de Arousa e o seu entorno, provocando unha catástrofe de consecuencias irrecuperables para o conxunto da Ría.

7ª. Na páxina 0-11 do EIA elaborado por INERCO, afirmase textualmente: *“Es de entender que una de las mayores preocupaciones, (...), sea el riesgo de derrames de productos químicos o petroquímicos asociado al tráfico de grandes buques en su travesía de la Ría de Arousa. A este respecto debe tenerse en cuenta que los estándares que maneja FINSA-FORESA para las actividades asociadas a estas instalaciones son de máxima exigencia no permitiéndose la descarga de buques monocasco y contratándose buques con menos de 10 años de antigüedad”*. Vóltase a reiterar o mesmo, aínda máis taxativo na páxina 0-15: *“FINSA – FORESA no admite la contratación de buques monocasco y con una antigüedad superior a 10 años, lo que limita muy significativamente el riesgo de accidentes por colisión de buques en la Ría de Arousa.”* Tamén no apartado 5.6 *“ Consideraciones sobre el tráfico inducido en la Ría de Arousa”* voltan a reiterar igual afirmación aos efectos de determinar a probabilidade de accidente por colisión de buques e vertido conseguinte, concluíndo que dita probabilidade é de escasa ou nula significación. Quédanos a dúbida de cal sería a probabilidade se tiveran en conta a realidade do tráfico marítimo e non partiran dun suposto falso. Nas táboas 7-2 e 7-3 que rexistran as entradas totais de buques por ano ao Parque de Almacenamento Loxístico e ao Porto, tampouco citan nen a antigüidade dos buques nen se son monocasco/bicasco. Nen no texto do EIA nen nos seus anexos se acredita a antigüidade dos buques nen se son bicasco.

No EIA preténdese minimizar o perigo que supón o incesante e continuo movemento de grandes buques cheos de produtos químicos que teñen que atravesar toda a Ría de Arousa para chegar ao Porto de Vilagarcía que está ubicado no fondo. O tráfico de buques petroleiros pola ría pon en perigo a súa viabilidade futura, porque o risco dun accidente marítimo é algo real (Ver Anexo ACCIDENTES) que pode significar un impacto moi difícil de superar polas características oceanográficas da propia ría –para nada semellantes á Costa da Morte- e a súa capacidade de metabolizar unha carga contaminante deste tipo. Na actualidade non existe ningún sistema de cobertura de radar que permita evitar as colisións entre os buques mercantes e a flota pesqueira dentro da Ría de Arousa. E as empresas solicitantes non prevén ningún sistema de control para evitar colisións entre os numerosos mercantes que circulan pola Ría nen coas numerosísimas embarcacións que cada día traballan na Ría ou entran e saen



para faenar. A calidade do tráfico marítimo da Ría de Arousa ven determinado non só polos buques que abastecen o Parque de almacenamento de Ferrazo, senón polo conxunto de todos os buques que circulan pola Ría. No apartado 7.2.1 do EIA recoñecen que aproximadamente o 7% de todo o tráfico marítimo do Porto de Vilagarcía, corresponde a FINSA-FORESA, do que se deduce que ten un impacto moi importante a mestura co 93% restante, porque na realidade o tráfico é conxunto, non se trata de realidades estancas. No EIA non se quere entrar a analizar a realidade do tráfico marítimo.

De todos os xeitos, é absolutamente falsa a afirmación realizada no EIA e entrecomillada ao inicio da presente alegación séptima: non é certo que os buques que subministran produtos petroquímicos a FINSA e FORESA teñan todos menos de 10 anos de antigüidade en relación ao ano de construción e non se acredita pola autoridade competente que sexan todos bicasco. Esta falsidade invalida o conxunto do EIA, porque nos informa que se trata dun EIA realizado “*ad hoc*” para salvarlle a cara ás mercantís FINSA e FORESA.

De feito, no EIA, nas táboas sobre tráfico marítimo, 3-14 e 3-15 que aparecen respectivamente nas páxinas 3-48 e 3-49, recóllense o total de mercadorías que entran no Porto de Vilagarcía e o número total de buques, cando poderían concretar con datos reais as súas afirmacións.

Na figura inferior relativa ao TRÁFICO MARÍTIMO apórtanse datos concretos dos buques que entraron no Porto de Vilagarcía de Arousa e, sinaladamente, dos que abasteceron o Parque de Almacenamento Loxístico. Os datos aportados nese anexo tomáronse diariamente das entradas de buques que se publican na páxina web da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa e tamén de listados solicitados á Capitanía Marítima de Vilagarcía.

A partir do nome e bandeira do pavillón de cada buque buscamos todos os datos restantes na páxina web [www.equasis.org](http://www.equasis.org) recomendada pola Unión Europea e o Ministerio de Fomento de España. Os datos detallados que subministramos correspóndense cos datos oficiais que se utilizan a nivel europeo.

A columna correspondente a detencións indica o número de inmovilizacións portuarias sufridas por cada buque como consecuencia do incumplimento da normativa en relación á seguridade marítima. No estudo non se incluíron os remolcadores nen os buques de guerra.

A columna correspondente á abndeira do pavillón do buque aparece coberta por unha cor -branca, gris ou negra- que expresa o grao de perigosidade -non perigoso, perigosidade intermedia e máxima- establecido polo Memorandum de Paris, coñecido como *Paris-MOU Port State Control*, [www.parismou.org](http://www.parismou.org), que se establece no Informe Anual respectivo a cada ano.

**Ferrazo 2005 (Extracto do estudo da PDRA do tráfico portuario do ano 2005)**

<i>nome buque</i>	<i>deten- ci3ns</i>	<i>nº entradas</i>	<i>ano</i>	<i>mercadoría</i>
GALP SETUBAL		2	<b>1984</b>	petroleiro
KEMERI		1	<b>1985</b>	petroleiro
RATHROWAN		1	<b>1991</b>	petroleiro
THEODORA	1	1	<b>1991</b>	petroleiro
GEMINI I	1	1	<b>1994</b>	petroleiro
CAPELLA (Wave A)	1	3	<b>1995</b>	Petroleiro
MAERSK RHONE		1	1999	Petroleiro
BRO GALAXY		1	2001	Petroleiro
BRO GRATITUDE		1	2003	petroleiro
VALTELLINA		1	<b>1987</b>	petrolero
GOODRICH BAY		1	<b>1984</b>	Químico
MARIANNE THERESA		1	<b>1991</b>	Químico
DUTCH AQUAMARINE		2	2000	químico
STAR 1		2	2003	químico
GALP AVEIRO (Aveiro)		1	<b>1983</b>	Químico/Petroleiro
BOW PANTHER		1	<b>1986</b>	Químico/Petroleiro
BOW PROSPER		1	<b>1987</b>	químico/petroleiro
SOLSTRAUM		1	<b>1990</b>	Químico/Petroleiro
LISTRAUM	1	3	<b>1991</b>	Químico/Petroleiro
EMERALD PARK		1	<b>1992</b>	químico/petroleiro
BOW FAGUS		1	<b>1995</b>	Químico/Petroleiro
BERGSTRAUM	1	1	1996	químico/petroleiro
CHRISTINA		1	1996	Químico/Petroleiro
NAPARIMA		2	1996	químico/petroleiro
PRINCESS NAOMI		1	1996	Químico/Petroleiro
NARIVA		1	1998	químico/petroleiro
BITHAV		1	2000	Químico/Petroleiro
MAR ADRIANA		2	2002	Químico/Petroleiro
CLAUS		1	2004	Químico/Petroleiro
STOLT ENDURANCE		1	2004	químico/petroleiro
BOW CEDAR		1	1996	químico/petrolero
FALESIA		1	2001	químico/petrolero

	<b>nº</b>	<b>%</b>
<b>Número total de entradas</b>	41	
<b>Entradas de buques de 10 anos ou máis</b>	21	51,22
<b>Entradas de buques de 20 anos ou máis</b>	16	39,02
<b>Entradas de buques con detencións</b>	7	17,07
<b>Entradas de buques de máis de 10 anos con detencións</b>	6	14,63

Ferrazo 1º semestre 2006 (Extracto do estudo da PDRA sobre o tráfico portuario na Ría de Arousa durante o 1º semestre de 2006)					
nome buque	IMO	deten- cións	nº entradas	ano	mercadoría
GALP SETUBAL	8303800		1	1984	petroleiro
THEODORA	9005338	1	1	1991	petroleiro
STELLA POLARIS	9187057		1	1999	petroleiro
AMALIENBORG	9127186		1	1998	químico
STAR 1	9221786		1	2003	químico
STOLT GLORY	9311012		1	2005	químico
DUTCH ENGINEER	8414477	1	1	1986	químico/petroleiro
HAVSTRAUM	9011519		2	1991	químico/petroleiro
LISTRAUM	8920282	1	1	1991	químico/petroleiro
DOURO CHEMIST	9020429		1	1992	químico/petroleiro
CHRISTINA	9118496		1	1996	químico/petroleiro
NAPARIMA	9136694		1	1996	químico/petroleiro
MARACAS BAY	9172727		1	1998	químico/petroleiro
NARIVA	9172715		1	1998	químico/petroleiro
MAR ADRIANA	9182796		5	2002	químico/petroleiro
RUBY	9290490		1	2004	químico/petroleiro

21

	nº	%
<b>Número total de entradas</b>	21	
<b>Entradas de buques de 10 anos ou máis</b>	8	38,1
<b>Entradas de buques de 20 anos ou máis</b>	2	9,52
<b>Entradas de buques con detencións</b>	3	14,29
<b>Entradas de buques de 10 anos ou máis con detencións</b>	3	14,29

8ª. No EIA, no apartado 1.2.3 “*Instalaciones asociadas a la recepción y expedición de productos.*” nen no apartado 5.5.1 “*Análisis de la contaminación marina por un hipotético derrame accidental.*” nen tampouco no apartado 9.6 “*Derrames al mar*” non explican cómo con tantas medidas de seguridade descritas no papel, poido acontecer un vertido ao exterior do Parque de Almacenamento, que chegou a Carril (19/04/2004) (ver Anexo Vertidos).

9ª. No relativo ao impacto sobre a paisaxe, tampouco aparece nengunha análise real sobre o impacto no turismo e no valor dos bens inmobles ubicados arredor do Parque, que son

indicadores económicos reais do impacto paisaxístico e do custe económico que comporta para o conxunto da sociedade a instalación do Parque de Almacenamento.

**10ª.** No relativo á análise das alternativas posibles de ubicación, que aparece descrito no apartado 2 (páx 2-1 a 2-6) e no apartado 11.3.4 (páx. 11-7), resulta plenamente ficticia, desde a base de que trata de xustificar como a única alternativa válida a xa existente, porque está construída e en funcionamento e selecciona e adapta os argumentos para chegar a unha conclusión preconcebida; a elección da alternativa parte das necesidades mercantís das sociedades titulares da explotación e non ten para nada en consideración a existencia de factores medioambientais nen a existencia dunha interese xeral afectado por esa ubicación. A análise de alternativas realizada parte dun enfoque intencionadamente erróneo: considerar o Parque de Almacenamento como unha illa que é allea ao seu entorno (valores naturais, paisaxísticos, turísticos, socio-económicos, ecolóxicos, poboacionais) e pode autoxustificarse a súa ubicación por unha cuestión meramente matemática -segundo a acepción errónea desta palabra, como sinónimo de exacta- de distancias en relación ás súas instalacións e só valorando a entrada por vía marítima dos derivados petrolíferos sen ponderar -nen citar- a alternativa de uso do oleoduto. Como afirma o arquitecto municipal no seu informe: *“O proxecto sometido a informe presenta varios emprazamentos alternativos que coinciden cos restantes portos de interese xeral existentes na CA nembargantes non afonda nas vantaxes ou riscos, que desde un punto de vista medio ambiental, suporía a instalación en cada unha delas, máis ben ao contrario fai unha comparativa moi sinxela e superficial baseada unicamente na distancia do percorrido por estrada que habería desde cada porto a cada factoría de FINSA ou FORESA.”*

Como reconece a sentenza do TSXG, no seu fundamento xurídico terceiro: *“ (...) Hemos de tener en cuenta que existe un interes legitimo y directo por parte de la mayor parte de los integrantes de la Asociación, por cuanto afecta a un posible interes de caracter industrial, económico y moral y en especial en la protección de la integridad y salud de sus componentes y en especial de conformidad con el art. 45 de la CE al medio ambiente y al sector turístico, industrial y proteger de los perjuicios que la autorización administrativa se hubiera dado sin las debidas medidas de seguridad y técnicas produciría sobre los habitantes de dicha zona, (...), por cuanto dicha instalación o almacenamientos de los hidrocarburos y productos químicos no es ajena a las localidades limítrofes y núcleos urbanos.”* e tamén no fundamento xurídico sexto e décimo, xa citados nos apartados 7º e 9º da parte expositiva deste escrito.

**11ª.** Entendemos que a lectura do EIA non nos permite disipar as dúbidas razonabeis, por falta de datos e conclusións precisas extraídas da realidade e apoiadas por informes competentes e concretos. Sinaladamente en relación a aclarar catro dos cinco supostos que salienta o lexislador. Extensión do impacto (área xeográfica e tamaño da poboación afectada); magnitude e complexidade do impacto (non analizado nin estudado sequera); a probabilidade do impacto (nesta terra sabemos que os accidentes se producen) e finalmente a duración e reversibilidade do impacto; neste punto compre salientar que de se producir un accidente no corazón da Ría de Arousa, esta case que con seguridade (non estamos falar de alta mar) non sería capaz de metabolizalo; de seguro que quedaría con secuelas permanentes e graves ou que se manterían perante moito tempo; con todas as consecuencias que non resulta difícil imaxinar, tendo en conta que, como admiten no seu escrito, a cidade de Vilagarcía e moitas outras vilas dependen directa ou indirectamente da actividade xerada pola Ría de Arousa.

Por todo o anteriormente exposto

ADEGA entende que o Parque de Almacenamento de hidrocarburos e produtos químicos que construíron FINSA e FORESA a finais dos anos 90 no peirao de Ferrazo do Porto de interese xeral de Vilagarcía de Arousa e puxeron en funcionamento a comezos do ano 2000 coa oposición de todos os colectivos e confrarías da xente do mar e dunha boa parte da sociedade da Ría de Arousa, pon en perigo a vida de miles de familias que habitan no seus arredores e tamén pon en perigo co seu funcionamento as actividades pesqueiras, marisqueiras e turísticas, asemade da propia biodiversidade e a riqueza ecolóxica do conxunto da Ría e, sinaladamente do Parque Nacional das Illas Atlánticas,

Polo que SOLICITA dos organismos competentes que teñan porpresentadas as anteriores ALEGACIÓNS e realicen unha Declaración de Impacto Ambiental negativa, declarando que o Parque de Almacenamento Loxístico de FINSA-FORESA é inviable na actual ubicación polos posíbeis efectos sobre a Ría de Arousa os riscos para a poboación circundante.

Asemade, e ao estarmos diante dun Parque de Almacenamento Loxístico, pendente da execución de sentenza do TSXG e atendendo ao elevado risco potencial da actividade que xera o devandito Parque, SOLICITAMOS que con carácter urxente e mentres se dite a resolución que corresponda, procédase inmediata paralización da actividade do proxecto en cuestión, ordenando o baleirado dos depósitos á maior brevidade e prohibindo o seu recheo en tanto non se resolva a execución da sentenza.

En Compostela, a 15 de xullo de 2011.

Asdo. Fins Eirexas, secretario executivo de ADEGA

**SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E  
INFRAESTRUTURAS  
SR. CONSELLEIRO DE ECONOMÍA INDUSTRIA**